



FEDERACIÓN DE ANPAS DE CENTROS PÚBLICOS DE CANGAS



federanpas.cangas@gmail.com

“A GAMELIÑA”



Federación de centros públicos
de Cangas “A Gameliña”
@federacionanpascangas

Protocolo COVID-19 Biblioteca viva. (De outubro a novembro 2021)

Trátase de mercar unha variedade ampla e surtida de contos, libros e xogos e videoxogos sobre temáticas de igualdade de xénero, bo trato, novos modelos de masculinidade e feminidade, os mitos do amor romántico, o uso axeitado das novas tecnoloxías, etc... rompendo así as barreiras e eliminando os estereotipos relacionados co xénero e por conseguinte loitar para prever situacións de discriminación sexista no futuro.

Trátase pois, de incorporar nas bibliotecas vivas, novos contidos que nos axuden a romper estas barreiras impostas e albergar espazos para todos e todas, xa que hai unha ampla variedade de literatura infantil e xuvenil, e xogos onde os seus protagonistas rompen cos roles e estereotipos de xénero.

Con estes novos contidos búscase tamén tratar valores coma o respecto, tolerancia e igualdade entre nenos e nenas, xerando encontros onde coa práctica se establezan os principios de boas relacións, e a non discriminación.

Búscase nestes encontros traballar a coeducación e a corresponsabilidade dende idades tempéranas e a todos os niveis educativos, que axuden a contribuír e ofrecer unha visión nova e máis acorde coa igualdade entre sexos e romper cos estereotipos existentes.

O proxecto levarase a cabo en dúas liñas de traballo:

- *STAND PUBLICITARIOS COS NOVOS MATERIAIS*

Distribuiranse os contos segundo as idades dos centros e se fará un **stand online** en <https://federanpasdecangas.blogspot.com/> e <https://www.facebook.com/federacionanpascangas>

Así como unha publicación global polos medios de comunicación que posúa cada ANPA asociada.



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA
DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD



FEDERACIÓN DE ANPAS DE CENTROS PÚBLICOS DE CANGAS



federanpas.cangas@gmail.com

“A GAMELIÑA”



Federación de centros públicos
de Cangas “A Gameliña”
@federacionanpascangas

No stand online haberá un grupo de contos, libros, xogos e videoxogos, cos cales se lles permitirá ás familias dispor dos novos materiais mediante un servizo de préstamo.

O cal se regulará da seguinte maneira:

- O 22 de Outubro: publicación do Stand Online (o listado dos materiais será susceptible de modificacións). No caso de que o listado se modifique, se enviará ás familias a actualización do mesmo.
 - Do 25 ó 27 de Outubro: inicio do préstamo.
 - Para solicitar o préstamo, as familias enviarán a petición ao mail da Federación (biblioanpas.igualdade@gmail.com) ou a través da súa respectiva ANPA.
 - Será un representante de cada ANPA asociada o/a q entregue o préstamo a familia solicitante no seu respectivo centro.
 - Entre préstamo e préstamo os materiais permanecerán o mínimo de catro horas (Establecido pola Consellería de Educación) en corentena.
 - A duración de cada préstamo será dunha semana aproximadamente. Sendo obrigatoria a devolución dos materiais emprestados cada luns. Un representante de cada ANPA asociada será o responsable da recollida dos materiais no seu respectivo centro.
- *TARDE DE LECTURA. Xornadas de animación*

Faremos **tarde de lectura e talleres presenciais sempre que a situación sanitaria o permita.**

Para o acceso ós contidos dixitais, se publicará nas redes sociais da Federación o enlace as actividades e as ANPAS asociadas para que o compartan coas familias.



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA
DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD